

EXPEDIENTE: 2023/E001/000016 (relacionado co expediente 2023/A008/000016)
ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DATA DA OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN DE 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES E DE 1 PEÓN/PEOA FORESTAL EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2023)
TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o expediente que se tramita para a selección, por oposición de 1 enxeñeiro/a de montes e 1 peón/peoa forestal, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 166/2023 de 27/04/2023, ao abeiro da subvención regulada Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 22, do 1 de febreiro de 2023).

Remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia as relacións de candidatos/as, relativas á oferta núm. 12-2023-4508 (enxeñeiros/as de montes) e a oferta núm. 12-2023-4510 (peóns/peoas forestais), e presentada por estes/as a documentación solicitada na convocatoria, de conformidade coas Bases 5ª e 6ª das que rexen o proceso selectivo e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas nos procesos selectivos antes referidos, do xeito seguinte:

1.- Enxeñeiros/as de montes

a) Candidatos/as admitidos/as

DNI	APELIDOS E NOME
360	Creo Cernadas Mirian
690	Ruso Somoza, Patricia

b) Candidatos/as excluídos/as

Non existen persoas candidatas excluídas

2.- Peóns/peoas forestais

a) Candidatos/as admitidos/as

DNI/NIE	APELIDOS E NOME
898	Barreiro Vigo Antonio
469	Blanco Romero Eusebio
201	Do Carmo Oliveira Paulo
558	Oliveira Figueroa Salvador

b) Candidatos/as excluídos/as

	APELIDOS E NOME	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
889	Bondad Seoane, Eduardo	Anexo II incompleto
940	Castro Martínez María Montserrat	Non aporta a documentación referida na base 6.5
921	Franco Somoza José Ramón	Anexo II incompleto

Segundo.- Excluir a solicitude de participación no proceso de selección da persoa candidata aspirante ao posto de peón/peoa forestal: Manuel Regueira Ferreira, recibida o 05/05/20223 (núm. RE 202399900000323), o non ser candidato remitido polo Servizo Público de Emprego segundo a correspondente oferta presentada na Oficina de Emprego (oferta núm. 12-2023-4510 peóns/peoas forestais).

O motivo de exclusión non é subsanable polo que a persoa candidata referida queda definitivamente excluída.

Terceiro.- As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo dun día hábil para achegar as emendas das deficiencias sinaladas, ao Rexistro Xeral do Concello de Dodro.

Cuarto.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Quinto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que se teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

A secretaria-interventora, que da fe, Sandra M. García Chenlo